



# A actividade administrativa de fomento

A actividade administrativa é susceptible de múltiples clasificacións doutrinais pero, en todas elas, sempre se fai referencia á actividade administrativa de fomento.

Dita actividade, ten como fin a satisfacción indirecta de necesidades públicas, protexendo e promovendo as accións de particulares e das entidades públicas ou privadas que directamente as satisfagan.

A actividade administrativa de fomento pode clasificarse en **positiva ou negativa**, sendo a primeira aquela que implica o outorgamento de prestacións, bens ou vantaxes a favor de quen realiza a actividade a fomentar, mentres que, a segunda, ten por obxecto a adopción de medidas que supoñan un obstáculo fronte a toda acción que impida a realización das actividades que se tratan de fomentar.

A actividade administrativa de fomento positiva pode ser obxecto de clasificación en función das prestacións ou vantaxes:

1)A honorífica que comprende distincións, condecoracións, recompensas, diplomas etc., e que ten case sempre carácter discrecional.

2)Auxilios indirectos como as exencións tributarias ou aduaneiras.

**3) A financeira, dentro da cal se atopan os anticipos ou prestamos para o desenvolvemento dunha actividade, os subsidios ou premios en virtude dun dereito subxectivo do beneficiario, os seguros de beneficios industriais e as subvencións.**

## A SUBVENCIÓN:CONCEPTO POSITIVO

- A subvención defínese tanto normativa estatal como autonómica como: *“unha achega monetaria feita pola Administración da Comunidade Autónoma ou por unha entidade vinculada ou dependente dela, a favor de persoa pública ou privada, sempre que, dita achega, se realice sen contraprestación directa do beneficiario e teña un obxectivo, como a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por realizar, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir coas obrigas materiais e formais que se tivesen establecido, e que dito proxecto, acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou a promoción dunha finalidade pública”*.

# A subvención: Disposición monetaria

- Requírese atribución ou desprazamento patrimonial de fondos públicos. Actúa como elemento diferenciador doutro tipo de axudas nas que existe vantaxe cuantificable pero non desprazamento de fondos.

- Polo tanto, exclúense do concepto as entregas de bens e dereitos, isto é, doazóns en especie (reguladas polo art. 145 da Lei 33/2003, de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas e 82 e seguintes da Lei 5/2011, do 30 de novembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia)

- Disposición Adicional V da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións: excepción tratándose de bens, dereitos e servizos adquiridos coa exclusiva finalidade de entregalos a terceiros. Non é lexislación básica; as CC.\*AA. reconducen tales compras á súa lexislación sobre patrimonio ou sobre contratos administrativos.

# A subvención: Non contraprestación

A gratuidade da entrega conéctase coa o concepto de liberalidade (doazón modal regulada polo Código Civil). Pero o ánimo de liberalidade é impensable na Administración Pública por ser contrario aos seus fins. O interese público e o *animus donandi* (propio da liberalidade pura) son incompatibles.

Non hai entrega gratuíta senón entrega non devolutiva sempre que se cumpran as finalidades

A entrega non é desinteresada senón condicional ao cumprimento da súa finalidade.

Esta característica permite diferenciala doutro tipo de axudas como a figura crediticia ou os avais do Estado.

Disposición Adicional VI e concordantes co art. 4 h) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, exclúe o crédito oficial salvo cando a Administración subvencione todo ou parte dos intereses ou outras contraprestacións (réxense pola súa propia normativa e supletoriamente a LGS).

# A subvención: Afectada a unha actividade

## •SUB-VENIRE: AXUDAR A ALGO

- Finalidades de fomento e promoción relativas ao interese social ou de utilidade pública. Sub-venire: axudar a algo. Non calquera finalidade de pública senón aquelas que interesa potenciar.
- Carácter condicional pola finalidade promocional que perseguen:
  - Debe existir correspondencia entre a actividade subvencionada e a entrega dos fondos.
  - Comportamentos xa realizados ou por realizar. Estimular que se sigan facendo (recompensa) ou que se fagan (protexer, incrementar, dar a coñecer, auxiliar, promover, etc.).
  - Concesión sometida ao cumprimento de obrigacións formais e materiais.
  -
- Require delimitar conceptos: utilidade pública, interese social, interese xeral. Ponderación de valores e equilibrio de principios.
- Límites negativos: competencias do Ente outorgante, suficiencia, e criterios de igualdade. Pautas claras: Para fixalas están os plans estratéxicos de subvencións.
- A Lei 38/2003, do 17 de novembro exclúe:
  - Beneficios fiscais. Isto resulta criticable: medidas de gasto fiscal (Surrey: Tax Expenditures). Son subvencións camufladas (Alemaña: Tipke, Lang, Birk). Disposicións substituíbles (Thurony: Israel).
  - Prestacións sociais, indemnizatorias, e asistenciais. Gasto social redistributivo. O perceptor non se obriga e non se pretende fomentar nin estimular. Exclúese: pensións contributivas, non contributivas, asistenciais no estranxeiro, Sida, Síndrome Tóxica, Hepatite C, actos de terrorismo, pensións de guerra, pensións do - Sistema de clases pasivas.

# A SUBVECIÓN: CONCEPTO NEGATIVO

Como acabamos de sinalar, tanto na lexislación estatal como na autonómica a subvención defínese tamén de xeito negativo, excluindo do seu concepto a determinadas figuras non sempre fáciles de distinguir fronte á subvención.

Figuras que debemos diferenciar de aquelas que sendo subvencións se exclúen do ámbito de aplicación da Lei porque teñen unha normativa específica como, as subvencións rexidas pola lexislación electoral, o financiamento dos partidos políticos ou dos grupos parlamentarios, os beneficios fiscais, os premios sen previa solicitude do beneficiario e os créditos.

Poren e, pese á configuración negativa que do concepto da subvención parece facer o lexislador, o certo é que, na práctica, atopámonos con outras figuras con semellanza ás subvencións e excluídas da súa regulación legal que, ou ben son utilizadas para revestir formalmente o que é unha auténtica subvención ou ben a subvención é utilizada para revestir formalmente estas figuras.

O lexislador autonómico, consciente sen dúbida desta práctica, cada vez máis frecuente, trata de facer fronte á situación e, de xeito moi acertado, sinala no artigo 2.3 que “serán de aplicación os preceptos da lei aos actos e negocios xurídicos que, de acordo coa verdadeira natureza xurídica impliquen a concesión de subvencións de acordo co disposto no apartado primeiro do artigo 2, con independencia da forma ou denominación que lle deran as partes”.

Con dito precepto tratan de evitarse as subvencións encubertas, é dicir, a existencia de figuras que sen ser subvencións se configuran como tales.

# As doazóns modais

O artigo 3 da Lei galega de subvencións engloba dentro do seu ámbito de aplicación ás subvencións establecidas ou xestionadas pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos, e as entidades de dereito público do artigo 12.1.b) do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario, tamén as outorgadas polas entidades locais de Galicia, incluídos os organismos e entes dependentes delas ( o artigo 12 foi derogado polo apartado 1 da disposición derogatoria da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia («D.O.G.» 31 decembro))

Poren, o artigo 3 sinala que serán de aplicación os principios de xestión, contidos no artigo 5.2 da Lei, e os de información, a que se fai referencia no artigo 16, ás achegas monetarias sen contraprestación que realicen os demais entes vinculados ou dependentes da Xunta de Galicia e das entidades locais galegas.

A lei estatal 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu artigo 3.2, que ten carácter básico, establece o sometemento á lei de subvencións cando se trate das achegas feitas polos organismos e demais entidades de dereito público con personalidade xurídica propia, vinculadas ou dependentes das administracións públicas, na medida na que o seu outorgamento sexa consecuencia do exercicio dunha potestade administrativa.

O artigo 2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común sinala:

b) Las entidades de derecho privado vinculadas o dependientes de las Administraciones Públicas, que quedarán sujetas a lo dispuesto en las normas de esta Ley que específicamente se refieran a las mismas, y en todo caso, cuando ejerzan potestades administrativas



# As doazóns modais

O concepto do sector público no ámbito autonómico non é igual ao estatal e o sometemento das entidades de base privada pertencentes ao sector público e o ámbito de aplicación da Lei de subvencións de Galicia levan a pensar que se as achegas monetarias feitas polas fundacións e as sociedades mercantís están só suxeitas aos principios de xestión e publicidade da lei quere isto dicir que, no resto, están suxeitas ao dereito privado.

Esta suxeición ao dereito privado supón a recondución de ditas achegas a unha figura propia do dereito privado, a única figura á que se aproximan é a doazón civil do artigo 618 do Código Civil que se define como un acto de liberalidade polo cal unha persoa dispón gratuitamente dunha cousa en favor doutra que a acepta.

Agora ben, cando se fan ditas achegas monetarias están sempre destinadas á consecución dunha finalidade de interese público ou xeral que comporta a realización dunha actividade, un proxecto ou a adopción dun comportamento polo donatario convertendo dita doazón nunha doazón modal, é dicir, nunha doazón con cargas que non desvirtúan o carácter gratuíto da doazón posto que, non existe unha interdependencia causal entre ambas prestación

Ademais as achegas monetarias das fundacións ou sociedades mercantís non só teñen que ter por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social senón que ademais deben ter relación directa co obxecto da actividade contido na norma de creación ou os estatutos dos entes.

Existe unha última cuestión que debe preocuparnos en relación a estas doazóns modais, as fundacións e as sociedades mercantís non poden substituír ou suplantar á Administración na súa competencia de outorgamento de subvencións, estes entes, moitos deles instrumentais da Administración, non poden ser utilizados para evitar a aplicación do dereito público de subvencións en exercicio de competencias administrativas de fomento.

# A actividade de patrocinio publicitario

O lexislador autonómico, consciente de dita situación tivo en conta esta realidade na disposición adicional cuarta da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sinalando que “a actividade de patrocinio rexerese pola súa normativa específica e supletoriamente pola presente lei”; aínda que a intención do lexislador autonómico é loable ao ter en conta o fraude de lei que se produce ao utilizar a figura do patrocinio para a concesión de axudas sen a aplicación do réxime xurídico previsto para as mesmas, moito mais rigorista que o do patrocinio publicitario, o certo é que a redacción da disposición adicional cuarta é confusa e pode levar a unha interpretación incluso contraria á normativa de contratación pública como logo analizaremos.

Por outro lado, o sinalado na citada disposición resulta innecesario ante a xa comentada e acertada inclusión dun apartado 3 do artigo 2 da lei no que se sinala que “serán de aplicación os preceptos da presente lei aos actos e negocios xurídicos que, de acordo coa verdadeira natureza xurídica impliquen a concesión de subvencións de acordo co disposto no apartado primeiro do artigo 2, con independencia da forma ou denominación que lle deran as partes”.

O contrato de patrocinio é un contrato atípico cuxa regulación se atopa só nun artigo, o 24 da Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, no que se define como:

*“Aquel no que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización dunha actividade deportiva, cultural, científica ou doutra índole comprométese a participar na publicidade do patrocinador”.*

# A actividade de patrocinio publicitario

- O patrocinio publicitario, para ser tal, esixe que a publicidade do patrocinador sexa o seu eixe fundamental sendo o fomento da actuación do patrocinado só un medio para a publicidade e non a finalidade da contratación
- Polo tanto, a principal diferenza existente entre coa subvención é que o patrocinio si comporta unha contraprestación.
- A subvención pode comportar publicidade pero, no contrato de patrocinio, a Administración determina o xeito en que se debe levar a cabo esa publicidade, así, por exemplo, no patrocinio dun evento deportivo, sinalará que o logotipo da Administración deberá figurar nas camisetas, nos pantalóns ou noutro lugar do equipamento deportivo, esixirá o establecemento de vallas publicitarias, fixará a mensaxe que deberán conter, esixirá que se fixe o logotipo nas invitacións que se cursen ou nas entradas etc.
- Na subvención o logotipo da Administración determina a colaboración administrativa pero non se determina onde nin como se fará a publicidade de dita colaboración.
- Na subvención, polo tanto, o fundamental é o fomento da actividade do beneficiario e a inclusión da cláusula de inserción do logotipo do concedente é algo accesorio e non esencial na concesión da axuda.
- Por iso , debemos ter en conta a magnitude pública do evento patrocinado, xa que, se o importante é a publicidade do ente, está claro que só poderán patrocinarse eventos que teñan unha importante repercusión pública.
- Esa mesma diferenza e a que existe coa figura da simple doazón que, no ámbito público se concreta na actuación de entes de dereito privado vinculados á unha Administración Pública que non conceden subvencións senón axudas monetarias sen contraprestación ou como xa se ten exposto doazóns modais.

# A actidade de patrocinio publicitario

Disposición adicional cuarta da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sinalando que “a actividade de patrocinio rexerese pola súa normativa específica e supletoriamente pola presente lei”

Podemos aplicar a normativa de subvencións a un contrato privado da administración ou dun ente público?

A resposta é necesariamente negativa, e a disposición adicional cuarta da Lei ao non discriminar aos auténticos contratos de patrocinio, establece unha supletoriedade de primeiro grado fronte a normativa de contratación pública de carácter básico.

Ante as dúbidas que a Disposición Adicional Cuarta suscitou, a Asesoría Xurídica da (no momento de entrada en vigor da Lei) Consellería de Cultura e Deporte elevou consulta á Dirección Xeral da Asesoría Xurídica sobre o xeito en que debería interpretarse dita norma posto que na Consellería de Cultura e Deporte, estaban a tramitarse nese momento diversos contratos de esponsorización deportiva que non eran subvencións encubertas.

En contestación a dita consulta a Dirección Xeral da Asesoría Xurídica entende que a redacción da norma non é acertada pero coa finalidade de non entender conculcada á lexislación de contratación do sector público e incluso outros preceptos da propia Lei de subvencións debemos centrarnos no feito de que utiliza a expresión de actividades de patrocinio sen agregar a cualificación de publicitario, é dicir, que alude a un concepto xenérico de patrocinio sen englobar o contractual referíndose en realidade aos convenios de colaboración conxunta para a realización dunha actividade configurados como inversións inmateriais (que de seguido estudaremos) que non utilizan partidas orzamentarias de subvencións e que non son subvencións pero dado o seu carácter intermedio entre as subvencións e os contratos deben respectar os principios de ambas lexislacións, por iso se fala non dunha aplicación directa senón supletoria da Lei de subvencións.

# O contrato de difusión publicitaria

O contrato de difusión publicitaria aparece definido no artigo 19 da Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade como “aquele no que a cambio dunha contraprestación fixada en tarifas preestablecidas, un medio obrígase en favor dun anunciante ou axencia a permitir a utilización publicitaria de unidades de espazo ou de tempo e a desenvolver a actividade técnica necesaria para lograr un desenvolvemento publicitario”

No artigo desta Lei 34/1988 establece que "Terán a consideración de medios de publicidade das persoas naturais ou xurídicas, públicas ou privadas, que, de maneira habitual e organizada se dediquen á difusión da publicidade a través dos soportes ou medios de comunicación social cuxa titularidade ostenten"

Landaberea sinala como diferenzas entre o patrocinio e a difusión publicitaria as seguintes:

a) No contrato de difusión publicitaria deben existir unhas tarifas preestablecidas, mentres que no contrato de sponsorización ou patrocinio os patrocinados adoitan negociar individualmente a colaboración publicitaria e as súas contraprestacións económicas.

b) No contrato de difusión publicitaria, unha das partes contratantes debe ser un "medio" definido pola Lei xeral de publicidade, e no de patrocinio publicitario non existe "medio" senón simplemente un patrocinador e un patrocinado.

# As inversións inmateriais

No ámbito estatal, a figura das inversións inmateriais conta co seu apoio legal no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se establece o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións que, no seu artigo 2.3 (básico ao desenvolver un precepto tamén básico da lei), sinala a suxeición ao seu ámbito de aplicación dos convenios de colaboración polos que os suxeitos do artigo 3 da lei (artigo básico) asumen a obriga de promover unha actividade xa realizada ou a realizar por persoas suxeitas a dereito privado e cuxo resultado material ou inmaterial resulte de propiedade e utilización exclusiva polo suxeito de dereito privado.

Polo tanto e, pola contra, cando os resultados desa actividade sexan de utilización e uso común estarán excluídas do seu ámbito de aplicación.

Esta mesma previsión contense agora no artigo 2.2 b) do regulamento de Lei Galega de Subvencións, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A utilización das inversións inmateriais, recoñecibles polo seu encadramento na partida orzamentaria 640 configúranse así como convenios de colaboración polos que a administración promove, conxuntamente con outro ente público ou privado ou cun particular, a realización dunha actividade sen ánimo de lucro entre as partes na que titularidade e utilización dos seus resultados son comúns e constituirán a adquisición dun activo inmaterial para a Comunidade Autónoma.

# As inversións inmateriais

A adquisición dese activo inmaterial constitúe así a obtención dunha contraprestación derivada dese convenio que permite xa diferenciar estes convenios dunha subvención.

Ademais a cualificación desta figura como inversión fai necesario distinguir as inversións inmateriais, non só das subvencións, senón tamén da figura contractual da que se diferencia pola ausencia de intereses contrapostos entre as partes e pola ausencia de lucro.

**Nas inversións inmateriais, os intereses das partes son compartidos, de xeito tal que perseguen a común realización dun obxectivo ou finalidade e, ningunha das partes, obtén beneficio industrial ou lucro pola realización da actividade.**

As inversións inmateriais están excluídas da Lei de Contratos do Sector Público pero están suxeitas aos principios nela recollidos, en especial ao principio de concorrencia, de xeito tal que a Administración **deberá xustificar por que conveniar con ese suxeito e non con outro, por que fomentar a realización desa actividade e non doutra.**

Por iso para asegurarnos de que ditos convenios de colaboración son tales inversións inmateriais cómpre que nas cláusulas do convenio se recolla que a achega monetaria da Administración só cobre os custos de realización da actividade sen beneficios industrial nin lucro entre as partes e que a titularidade e o uso dos resultados serán comúns; asemade deberá explicarse no expediente administrativo as razóns para conveniar con esa parte e non con outro ente ou particular e incorporarse un desglose orzamentario dos gastos para comprobar que efectivamente non existe ánimo de lucro.

Tamén sería desexable que como garantía de que nos atopamos ante un auténtico convenio de inversión inmaterial e non ante unha subvención se implique dalgún xeito á Administración na realización da actividade, por exemplo có asesoramento técnico a outra parte etc.

É ÁS INVERSIÓN INMATERIAIS ÁS QUE SE APLICA A DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA DA LEI DE SUBVENCIÓN DE GALICIA.

# O MECENADO

- Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado
- Real Decreto 1270/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

- O nome ven por Cayo Clinio Mecenas nobre romano asesor do emperador Octavio Augusto que foi protector de artistas e escritores. Polo tanto, o mecenado está pensado e vinculado historicamente ao sector cultural.

- Co mecenado preténdese a colaboración do sector privado sen ánimo de lucro en actividades de interese xeral.

- Estableceuse un réxime especial de tributación para entidades sen fins lucrativos definidas no artigo 3 da Lei e que podereán optar por un réxime fiscal mais liviano estando exentas de tributación no Imposto de Sociedades e aplícanoselles un tipo impositivo do 10% fronte ao 25-30% habitual. No Imposto de Bens Inmóveis, ou de Actividades Económicas ou de Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana teñen tamén una tributación mais beneficiosa.

- As deducións na cota do IRPF son dun 80% do valor da doazón nos primeiros 150 euros e un 30% no resto da doazón, ou un 40% se esta realízase por terceira vez. No caso do Imposto de Sociedades, a dedución en cota é do 35% (do 40 o terceiro ano).

- No mecenado prioritario incentivado QUE SE REFIRE A ACTIVIDADES SINALADAS NAS LEIS DE ORZAMENTOS prevese a mellora de cinco puntos porcentuais



# O MECENADO

OS INCENTIVOS FISCAIS OUTORGARANSE POLAS DOAZÓNS, DOTACIÓNS E **ACHEGAS IRREVOCABLES, PURAS E SIMPLES**, FEITAS A:

- A) As entidades sen fins lucrativos ás que sexa de aplicación o réxime fiscal establecido no Título II desta Lei.
- b) O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, así como os Organismos autónomos do Estado e as entidades autónomas de carácter análogo das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais.
- c) As universidades públicas e os colexios maiores adscritos ás mesmas.
- d) O Instituto Cervantes, o Institut Ramon Llull e as demais institucións con fins análogos das Comunidades Autónomas con lingua oficial propia.
- e) Os Organismos Públicos de Investigación dependentes da Administración Xeral do Estado.

# O MECENADO

## DIFERENCIA CO PATROCINIO

O mecenado estará sempre ligado ao interese xeral, algo que non se esixe no caso do patrocínio porque o intercambio de cartos neste último faise vinculado á publicidade do patrocinador. No mecenado non existe compromiso de publicidade da actividade, só da doazón.

A fiscalidade de ambas figuras é diferente, o patrocínio é unha pretación suxeita á fiscalidade xeral o mecenado ten unha fiscalidade especial.

O mecenado faise á entidades sem ánimo de lucro cuxos fins están vinculados de xeito duradeiro á fins xerais

A Lei 49/2002 recoñece varias formas de mecenado e unha delas pode xerar mais dúbidas á hora de diferenciala do patrocínio publicitario. Son os convenios de colaboración empresarial.

## DIFERENZA COA SUBVENCIÓN

Son iguais polo feito de que non se percibe una contraprestación do beneficiario (con matices pola publicidade da doazón) pero difiren no feito de que polo mecenado vaise optar a un réxime fical previsto na súa normativa

# O MECENADO

Convenios de colaboración empresarial en actividades de interese xeral

Art. 25 da Lei 49/2002, convenio polo cal as entidades beneficiarias, a cambio dunha axuda económica (polo tanto en cartos pero tamén en especie) para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, comprométense por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas devanditas actividades o cal non permite falar de condición da doazón.

No convenio débese especificar o proxecto concreto para o que se entrega a axuda da entidade colaboradora e que a axuda só pódese destinar a ese proxecto.

En canto ás vantaxes fiscais que reciben as empresas que prestan esta colaboración, as cantidades satisfeitas ou os gastos realizados terán a consideración de gastos deducibles para determinar a base impositiva do Imposto sobre Sociedades ou o Imposto da Renda de non Residentes, ou determinar o rendemento neto da actividade económica para persoas físicas acollidas ao réxime de estimación directa do IRPF. Ademais, esa axuda económica que se presta a través do convenio é incompatible co resto dos incentivos fiscais que recolle a Lei.

# Crowdfunding e incentivos fiscales al mecenazgo

Para que sexa mecenado ten que:

Tratarse dunha achega a entidade que realice actividades de interese xeral

A forma xurídica da entidade de crowdfunding ten que ser algúnha das que pode ser beneficiaria das doazóns previstas na Lei, polo tanto unha entidade do artigo 16

A doazón ten que ser **pura e simple, sin contraprestación** (si se compra un libro hai contraprestación- si visito una web non hai contraprestación)

# OS PREMIOS E AS BOLSAS

A propia lei de subvencións exclúe deste concepto a figura dos premios cando non sexan de solicitude voluntaria polo beneficiario, é dicir, que nos premios para ter a consideración de subvencións non pode darse a concesión directa pola administración senón que sempre requiren a previa concorrencia.

A lei galega non contén a mesma previsión que a lexislación estatal xa que, esta última sinala na súa disposición adicional décima que regulamentariamente se establecerá o réxime especial aplicable ao outorgamento dos premios educativos culturais, científicos ou doutra natureza, que deberá axustarse ao contido da lei, salvo naqueles aspectos nos que, pola especial natureza das subvencións, non resulte aplicable.

A ausencia desta previsión na lei galega é loable, xa que, non faltan autores que critican a citada disposición adicional décima da Lei estatal, porque dificilmente se poderá soste que cando se poida promover a concorrencia non se aplique o réxime xurídico das subvencións e se aplique outro réxime.

Polo tanto, resulta obvio que só cando os premios non sexan de solicitude polo beneficiario non estaremos ante unha subvención; a razón debemos buscala en que os premios outorgados de oficio por unha Administración son unha actividade de fomento honorífica pero non financeira, a súa finalidade non é pois a propia dunha subvención, o seu núcleo non é unha achega monetaria senón un recoñecemento.

En canto ás bolsas, si se enmarcan dentro do réxime xurídico das subvencións, aínda que presenten obrigas especiais para o beneficiario e mecanismos distintos de comprobación da realización da actividade, poren debemos ter en conta, a existencia de bolsas que se someten a unha normativa específica como son as chamadas bolsas de investigación, é dicir, aquelas concedidas a aqueles que xa teñen completada a súa formación e que participan en proxectos de investigación cos parámetros fixados polo Estatuto do Bolseiro Investigador, posto que ditas bolsas están suxeitas ás previsións contidas no mesmo.

# As transferencias de financiamento

O artigo 2 da Lei de subvencións exclúe do concepto de subvencións ás achegas monetarias a favor doutras administracións e a favor de organismos e entidades dependentes da Administración da Comunidade Autónoma sometidos ao ordenamento autonómico destinadas a financiar global ou parcialmente a súa actividade con carácter diferenciado.

O artigo 47 da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, segundo o cal:

*“Un. Teñen a consideración de transferencias de financiamento as achegas en diñeiro nominativas a favor dos organismos e entidades vinculadas ou dependentes da Administración da Comunidade Autónoma destinadas a financiar global ou parcialmente a súa actividade con carácter indiferenciado.*

*Dous. As achegas de natureza corrente haberán de librarse con carácter mensual por duodécimas partes, salvo que mediante convenio se regule outro réxime diferente de pagamento. Este convenio deberá someterse a informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma sobre a adecuación do réxime de libramento proposto ao ritmo de execución do gasto corrente da entidade.*

*Os convenios que, se é o caso, estiveran vixentes á entrada en vigor da presente lei deberán ser revisados nos tres primeiros meses do exercicio para os efectos de axustarse ao disposto neste artigo.*

*Tres. As achegas de capital libraranse en atención ao ritmo de execución do gasto de capital da entidade.*

*Catro. Os convenios que se formalicen para regular o réxime de libramentos das transferencias de financiamento non precisarán de autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.*

*Cinco. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma verificará a correcta aplicación destas achegas mediante o uso das técnicas de fiscalización e auditoría previstas no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e nas normas que a desenvolven”*

# As transferencias de financiamento

Estes dous artigos permiten diferenciar claramente entre as axudas e as transferencias de financiamento e a clave está no termo “carácter indiferenciado”

Ao principio deste curso víamos que un dos caracteres da subvención é que está destinada a cumprir unha finalidade concreta, polo tanto, non se pode predicar tal concepto de aquelas achegas monetarias que non teñen un obxecto concreto senón financiar total ou parcialmente a actividade dun ente sen vincular a axuda a realización concreta dunha actividade.

De aí a imperiosa necesidade de que cando nos atopemos ante un convenio que teña por obxecto atribuír unha achega económica a un ente do sector público para financiar global ou parcialmente a súa actividade, debemos tramitalo pola vía prevista no artigo 47 da Lei de Orzamentos.

Imaxinemos que se pretende facer unha achega económica á Fundación Camilo José Cela para o financiamento dos seus gastos correntes; é evidente que non nos atoparíamos ante unha subvención xa que se está a financiar parcialmente e de xeito indiferenciado a súa actividade, debería tramitarse como transferencia de financiamento.

# Outras figuras

Á marxe da cláusula de peche que supón o artigo 2.3 da Lei de subvencións de Galicia e a súa disposición adicional cuarta, hai outras figuras que a lei menciona expresamente como excluídas do seu concepto: As sinaladas no apartado 2.4 da Lei estatal e as prestacións autonómicas similares ás de carácter asistencial, é dicir, non son subvencións:

a) As prestacións contributivas e non contributivas do Sistema da Seguridade Social.

b) As pensións asistenciais por anciandade a favor dos españois non residentes en España, nos termos establecidos no seu normativa reguladora.

c) Tamén quedarán excluídas, na medida en que resulten asimilables ao réxime de prestacións non contributivas do Sistema de Seguridade Social, as prestacións asistenciais e os subsidios económicos a favor de españois non residentes en España, así como as prestacións a favor dos afectados polo virus de inmunodeficiencia humana e dos minusválidos.

d) As prestacións a favor dos afectados pola síndrome tóxico e as axudas sociais ás persoas con hemofilia ou outras coagulopatías conxénitas que desenvolvan a hepatitis C reguladas na Lei 14/2002, de 5 de xuño .

e) As prestacións derivadas do sistema de clases pasivas do Estado, pensións de guerra e outras pensións e prestacións por razón de actos de terrorismo.

f) As prestacións recoñecidas polo Fondo de Garantía Salarial.

g) Os beneficios fiscais e beneficios na cotización á Seguridade Social.

h) O crédito oficial, salvo nos supostos en que a Administración pública subvencione ao prestatario a totalidade ou parte dos intereses ou outras contraprestacións da operación de crédito.

A razón desta exclusión debe buscarse novamente no carácter afectado da subvención e no feito de que é unha ~~actividade administrativa~~ de fomento, xa que, en todos estes supostos, non se fomenta a realización de actividade ningunha, non se pide ao perceptor que realice ou teña ningún comportamento especial.





**FIN**

